Oitavo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 11 de maio de 2022, adxudicar o **Lote 3 “Acampada en Guitiriz”** do contrato para o servizo de “Organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024” (Exp. 2021/C004/000028) a prol da entidade “**Academia Aristos 2007, SL**”, con NIF B70125562 e enderezo en rúa Manuel Azaña nº 18 baixo, 15011 A Coruña, no prezos que se relacionan a continuación, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na cláusula 12.1 do PCAP (prezo) sen que a oferta se atope incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Prezo unitario:

Prezo praza sen IVE	10% IVE	Prezo praza IVE incluído
118,40 €	11,84 €	130,24 €

Prezo anual total:

Nº prazas	Prezo 24 prazas sen IVE	10% IVE	Total Prezo 24 prazas con IVE
24	2.841,60 €	284,16 €	3.125,76 €

Prezo total para os dous anos de duración do contrato:

Base imponible	10% IVE	Total
5.683,20 €	568,32 €	6.251,52 €

Noveno: Por atoparnos ante un contrato **susceptible de recurso especial en materia de contratación** (artigo 44 LCSP) a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares e da cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- Os documentos relativos ao **seguro de responsabilidade civil** a que se refire a cláusula 23
- Os documentos relativos a un **seguro de accidentes** e asistencia sanitaria para os participantes na actividade xuvenil complementaria coa seguinte prestación mínima: cobertura ilimitada en centros concertados, ata 18.000 euros en centros de libre elección, vixencia mínima de cobertura de 18 meses, atención médica, ambulatoria e farmacéutica.
- Declaración na que poña de manifesto **onde van estar situados os servidores** e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, facendo constar que calquera cambio na información facilitada durante a vixencia do contrato, será comunicada de forma inmediata ao Concello (cláusula 30.2), e que se compromete a garantir o cumprimento en materia de protección de datos persoais.

- Declaración responsable de **protección de menores** a que refírese o anexo VII.

Igualmente, con carácter previo, formalizarase o Contrato de encarga de tratamento de datos a que refírese o **anexo VIII**.

A formalización do contrato publicarase no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP) nun prazo non superior a 15 días. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 19.2 do PCAP, **con carácter previo ao inicio da execución do contrato ou prestación do servizo**, polo responsable do contrato, comprobarase, igualmente, que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo e, por tanto, figuran no expediente de contratación os **contratos formalizados e demais documentos relacionados na cláusula 17.1.L)**.

A falta de presentación dalgún/s dos documentos esixidos na cláusula 17.1.L) dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva.

Así mesmo, o contratista achegará canta documentación e precisións sexan requiridas durante a execución do contrato polo Órgano de contratación ou polo Responsable do contrato.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, o contratista deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **IAE** que lle faculte para o seu exercicio no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrucción do Imposto de Actividades Económicas.

Décimo: Designar como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen, de conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instruccións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo primeiro: Notificar os presentes acordos aos adxudicatarios de cada un dos lotes do contrato, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 37.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de

outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html> En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo segundo: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da obra "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 21 de marzo de 2022 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë o proxecto denominado “Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés).” Modificado marzo 2022, cun orzamento base de licitación de 40.495,87 € sen IVE, 49.000,00 € IVE incluído.

O obxecto do presente documento é a descrición das actuacións necesarias para acondicionar o Camiño Inglés ao seu paso polo tramo indicado, cuxo asine atópase deteriorado, tanto na súa rodadura como na súa capacidade portante. E toma en consideración o cumprimento das condicións establecidas nos puntos 2.2 e 3.2 da autorización obtida por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Trátase dun tramo do Camiño Inglés de Santiago ao seu paso por Cambre, cunha lonxitude de 387,60 m., que salva un desnivel de 25,20 m. positivos.

Segundo despréndese da sección lonxitudinal, pódese dividir o tramo en tres sectores: un 1º sector cunha lonxitude de 143,85 m. e unha pendente ascendente do 6,14%; un 2º sector cunha lonxitude de 124,15 m. e unha pendente ascendente do 4,10%; e finalmente, un 3º sector cunha lonxitude de 119,60 m. e unha pendente do 9,40%.

Con data de 04 de maio de 2022, emítase informe técnico pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a contratación das obras incluídas no proxecto, no que se xustifica a necesidade da obra, a non división en lotes do contrato e maila elección do procedemento de contratación proposto, e se propoñen os criterios para a valoración das ofertas.

En agosto de 2021 redactouse por parte do Enxeñeiro de Camiños Municipal a memoria descritiva dos traballos “Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés).

Con este documento solicitouse, o 18-08-2021, autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dá Xunta de Galicia, para a execución das obras de “Arranxo e posta en valor de camiño municipal, camiño nº 125 en Anceis, Cambre, no trazado do Camiño de Santiago Inglés”, con rexistro de entrada 68626/RX1971179 e nº de expediente 2021/1726.

Obtense autorización para as obras, o 21-12-2021, mediante resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aínda que se condiciona esta, ao cumprimento do establecido nos puntos 2.2 e 3.2 da esta resolución.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 471/2022 de data 21/03/2022, acordouse solicitar subvención ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento dos bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, para o proxecto denominado: “Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés).”

Con data de 6 de maio de 2022 asinase polo Xerente de Turismo de Galicia a concesión da subvención solicitada para a execución das obras de “Arranxo e posta en valor de camiño municipal, camiño nº 125, Camiño Inglés”, cuxa resolución recibíuse o 10 de maio de 2022, con número de rexistro de entrada 20220000001677.

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2022.

Consta acta de replanteo do proxecto, asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 24 de maio de 2022.

Consta o documento de Retención de crédito emitido o 19/03/2022 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 454 61900, por importe de 49.000,00 euros.

Respecto do procedemento de adxudicación, no informe técnico emitido con data de 04 de maio de 2021 propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 12 de xuño de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a execución dunha obra coa que se pretende basicamente acondicionar o Camiño Inglés ao seu paso polo tramo indicado, cuxo asine atópase deteriorado, tanto na súa rodadura como na súa capacidade portante. E toma en consideración o cumprimento das condicións establecidas nos puntos 2.2 e 3.2 da autorización obtida por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Trátase dun tramo do Camiño Inglés de Santiago ao seu paso por Cambre, cunha lonxitude de 387,60 m., que salva un desnivel de 25,20 m. positivos.

Segundo despréndese da sección lonxitudinal, pódese dividir o tramo en tres sectores: un 1º sector cunha lonxitude de 143,85 m. e unha pendente ascendente do 6,14%; un 2º sector cunha lonxitude de 124,15 m. e unha pendente ascendente do 4,10%; e finalmente, un 3º sector cunha lonxitude de 119,60 m. e unha pendente do 9,40%.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) infraestructura viaria..."*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en todos os municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000007, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés).
- Orzamento base de licitación:	Base impositiva: 40.495,87 € Importe IVE (21%): 8.504,13 € Total: 49.000.00 €

- Valor estimado:	Base imponible: 40.495,87 € 10 % (Modificacións previstas de proxecto): 4.049,59 Total VALOR ESTIMADO: 44.545,46 €
- Prazo de execución:	4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 454. 61900

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría e o enxeñeiro de camiño, canles e portos municipal (ou persoas que as substitúan), como membros integrantes da unidade técnica á que se refire a cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do servizo de “Producción do evento cromático ‘Mural Fest’, dentro do programa ‘MoceArte’, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024” a prol de “Narabeen Global Services, S.L.”. Expediente número 2022/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000008 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática, do servizo de “Producción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024”, cun valor estimado de 98.141,14 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 59.479,48 euros sen IVE, 71.970,17 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares -prezo ofertado á baixa, procedencia do cuarto artista, un mural, unha clase maxistral e un obradoiro a maiores dos mínimos esixidos, experiencia do comisario proposto en eventos de características similares e paridade de xénero-, que consta na acta da Mesa de Contratación de data 19 de maio de 2022, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol de “Narabeen Global Services, S.L.”, no prezo ofertado para un ano de 24.683,98 euros sen IVE, 29.867,61 euros IVE incluído, o que supón un prezo total ofertado para os dous anos de contrato 49.367,96 euros sen IVE, 59.735,23 euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada e admitida na presente licitación e segundo a puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 31 de maio e 2 de xuño de 2022.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental co intervido e conforme do interventor municipal de data 13 de xuño de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 19 de maio de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela á única empresa presentada, “Narabeen Global Services, S.L.”, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 e 15 do PCAP e achegar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do dito prego, así como o modelo de proposición segundo o modelo do Anexo III do PCAP.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 19 de maio de 2022, a seguinte valoración da única proposición presentada e admitida na licitación, correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do PCAP (prezo ofertado á baixa, procedencia do cuarto artista, un mural, unha clase maxistral e un obradoiro a maiores dos mínimos esixidos, experiencia do comisario proposto en eventos de características similares e paridade de xénero), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas.

Prezo	Procedencia 4º artista	Mural a maiores	Clase maxistral a maiores	Taller a maiores	Experiencia do comisario	Paridade de xénero	TOTAL
49	15	8	4	4	15	5	100 puntos

Tendo en conta que segundo o disposto na Cláusula 16.3.2 do PCAP, consideraranse, en principio, como anormalmente baixas, as ofertas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 85 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo o cal:

“1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en **44.609,61 euros (sen IVE)**, polo que a oferta presentada por “Narabeen Global Services, S.L.”, non se atopa incursa na esta circunstancia.

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 19 de maio de 2022, adxudicar o servizo “Producción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024” a prol do licitador “Narabeen Global Services, SL”, con NIF B27806132 e enderezo en rúa Gran Vía 130, entresollado, 36203 Vigo (Pontevedra), no prezo ofertado para un ano de 24.683,98 euros sen IVE, 29.867,61 euros IVE incluído, o que supón un prezo total ofertado para os dous anos de contrato 49.367,96 euros sen IVE, 59.735,23 euros IVE incluído, todo isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de nos prezos ofertados, na procedencia do cuarto artista, na oferta dun mural, dunha clase maxistral e dun obradoiro a maiores dos mínimos esixidos, na experiencia do comisario proposto en eventos de características similares e o compromiso de paridade de xénero ao 50% (2 homes e 2 mulleres) nos artistas participantes.

Cuarto: Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- Unha copia do **seguro de responsabilidade civil** a que se refire a cláusula 23, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato, cunha contía mínima de **600.000 euros por sinistro** e un sublímite mínimo de **300.000 euros por vítima**. Así mesmo, presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago de dita póliza.
- Ademais, deberá contar cun seguro de accidentes para os artistas participantes no pintado de murais e profesor/a do obradoiro coas seguintes coberturas mínimas:
 - asistencia sanitaria: cobertura ilimitada en centros concertados e ata 18.000 euros en centros de libre elección
 - vixencia mínima de cobertura de 18 meses
 - atención médica, ambulatoria e farmacéutica

A entidade adxudicataria será a responsable de contratar este seguro, no caso de que non o tivese xa subscrito o propio artista ou profesor destinado ao servizo.

De conformidade co establecido na cláusula 19.1 do PCAP, con carácter previo ao comezo da execución da prestación, o responsable do contrato requirirá ao contratista copia do contrato formalizado con cada un dos compoñentes do equipo dos que se achegou compromiso de adscrición, de acordo con a cláusula 17.1.L. e Anexo V Declaración de adscrición de persoal á execución do contrato (xunto co resto da documentación

acreditativa que se especifica en dito anexo), así como o **proxecto do servizo** a desenvolver a que se refírese a cláusula segunda do prego de prescricións técnicas no seu apartado 11.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **IAE** que lle faculte para o seu exercicio no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto de Actividades Económicas.

Quinto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen, de conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordo ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000022, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), correspondente ao "Servizo de mantemento e seguridade da piscina Os Castros do Bosque, en Cecebre, durante os exercicios 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data do 28 de abril de 2022 asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa para a contratación a memoria xustificativa para a contratación do servizo de

mantemento e seguridade da piscina Os Castros do Bosque, en Cecebre, durante os exercicios 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024, na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 51.577,32 € e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 31.258,98 euros sen IVE, 37.823,36 euros IVE incluído.

Visto que con data do 13 de xuño de 2022 asinouse pola coordinadora deportiva, coa conformidade do coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de mantemento e seguridade da piscina Os Castros do Bosque, en Cecebre, durante os exercicios 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024.

Visto que con data do 13 de xuño de 2022, asinouse pola coordinadora deportiva, coa conformidade do coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, o prego de prescricións técnicas particulares que rexe a realización da prestación.

Visto o documento de retención de crédito con data 30 de abril de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 342 22799 "Servizo mantemento piscinas municipais e outro", por importe de 18.911,68 euros correspondente á primeira anualidade.

Vista a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental e o interventor municipal con data de 14 de xuño de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se persegue poñer en funcionamento a piscina municipal dos Castros do Bosque, en Cecebre, contratando os servizos de mantemento e socorrismo na devandita piscina, co obxectivo de mantela aberta ao público ata o 18 de Setembro do 2022. E do período vacacional de verán do 17 de Xuño ao 17 de Setembro do 2023, e con opción a prórroga no período estival que abarca do 15 de Xuño ao 15 de Setembro do 2024; isto en cumprimento das competencias propias que ostenta o Concello en materia de fomento do deporte, na xestión e mantemento, conforme se estipula no artigo 8.3 e 8.4. da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

O servizo a contratar permitirá a posta a punto e a apertura da Piscina Municipal de Castros do Bosque, logo do prolongado peche invernal, así como o preceptivo mantemento das condicións hixiénico- sanitarias e os labores de vixilancia dos bañistas durante o período de apertura da mesma, co que queda debidamente xustificada a necesidade de contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2022/C004/000022, polo procedemento aberto

simplificado abreviado establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017 (con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática), correspondente ao Servizo de mantemento e seguridade da piscina Os Castros do Bosque, en Cecebre, durante os exercicios 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024, cun valor estimado de 51.577,32 € euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 31.258,98 euros sen IVE, 37.823,36 IVE incluído; isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 342.2279, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral adscrita á Secretaría Municipal e á coordinadora deportiva como integrantes do órgano de asistencia previsto na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co establecido no artigo 159.6.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López